

## XOÁN PIÑEIRO

Alá polo ano 1920, nace na aldea de Nerga -no camiño coñecido como "da fonte" e hoxe bautizado polo Axuntamento de Cangas como "Rúa Xoán Piñeiro"- e no seo dunha familia labrega, un rapaciño que pasaría a súa infancia como pastor de ovellas: Xoán Piñeiro Nogueira.

Gardando as ovellas, sen máis medios ca un coitelo, unha machada ou a balea dun paraugas para lle facer de gubia, Xoán vai aprendendo a esculpir e fai os seus primeiros traballos en pao.

Comeza a escola tarde, sobre os 14 anos, e destaca axiña polos seus traballos en barro e pedra.

O tempo pasa e, despois de andar ao mar, polos anos corenta sigue afincado no curruncho natal onde fai retratos da súa familia.

En 1946 entra na Escola de Artes e Oficios de Vigo, onde presenta unha talla de San Telmo. Sae becado pola Obra Sindical de Artesanía o que lle permite, xuntamente cunha subvención do Axuntamento de Cangas, asistir á Escola de Talla e Imaxinería de Santander. Xoán Piñeiro -"Xoán Faisantos",



como se lle coñecía na nosa bisbarra- contaba daquela desgustado como un profesor desta escola lle dixera: "No pierda usted el tiempo, hombre, lo suyo es el campo, no el arte". Pero que o seu era a arte confírmallo o éxito que obtén en 1949, no "Salón de Otoño" de Madrid. Becado na academia de Belas Artes de San Fernando, consegue en 1950 o Premio de Escultura pola obra titulada "Retrato de meus pais", que se conserva no Museo da Coruña.

Co seu compañeiro de lideiras artísticas o pintor Xavier Pousa -con quen máis tarde emparentaría- visita Italia en 1953 para estudar nos monumentos e museos italianos as Belas Artes, e en particular a escultura.

A partir de entón non deixa de medrar a importancia e a sonda de Xoán Piñeiro que realiza obras en madeira, pedra, bronce, etc. O tema mariñeiro -pois ao mar andou e del gardou sempre amarguras e alegrías- é unha constante en Piñeiro: gavotas, homes, aparellos e barcos, lémbrennos



esa vida arriscada, azarosa e dramática que a súa escultura "A volta do mar", instalada na Alameda de Cangas, preto do porto, tan ben resume.

As maternidades, os alumbramentos, móstrannos tamén o agarimo que lle tiña á vida. A súa prolífica obra vai dende os bustos, como os de Manolo Quiroga, Laxeiro, Castelao, aos monumentos -como o de Calvo Sotelo, en Tui, ou o da Vaca Marela, en Vigo, ou o cruceiro de Santa Cristina de la Polvorosa (Zamora) e as aras e relevos relixiosos como a "Cea" da Igrexa dos Xesuítas de Vigo ou a mesa da Igrexa de Santiago, de Cangas - deica as caracolas, embrións, óvulos e formas óseas, de figuración máis abstracta.

O 20 de Nadal de 1980, xusto o día da inauguración en Cangas dunha "Mostra Colectiva de artistas de Cangas" na que a obra de Xoán Piñeiro tiña o lugar destacado, morría o artista en accidente ao dirixirse ao seu estudio de Goián (Tomiño).

As creacións deste noso artista, que na Alameda de Cangas, a poucos metros do busto de Manuel Graña tamén por el realizado, nos mira dende o seu autorretrato, están espalladas por vilas, prazas, museos, institucións e domicilios de particulares como perenne mostra da tenacidade e da inspiración daquel neno de Nerga que empezara a labrar pao mentres ía gardar das ovellas.

(Revista "A Gavota". Cangas 1983)

Traballo recompilado por: Raúl Gil e Abel Rodríguez.